

PROGRAMACIÓNS
DIDÁCTICAS
RELIXIÓN CATÓLICA
2º, 4º e 6º PRIMARIA

CEIP Plurilingüe As Solanas- Nicolás Gutiérrez Campo

Curso 2.022 / 2.023

ÍNDICE

1.Introdución e contextualización.....	3
2.Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas. Concrecións da relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	6
3.Concreción dos obxectivos por curso.....	18
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: Temporalización, grao mínimo de consecución para superara a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	21
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	45
6. Materiais e recursos didácticos.....	46
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	46
8.Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a practica docente.....	61
9.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. Plan de reforzo.....	62
10Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.....	62
11.Medidas de atención á diversidade.....	62
12.Concreción dos elementos transversais que se traballaron no curso que corresponda.....	63
13.Actividades complementarias e extraescolares programadas coa materia.....	64
14.Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e proceso de mellora.....	65

1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

INTRODUCCIÓN

A formación relixiosa e moral católica ten como finalidade aproximar o alumno aos valores, ás tradicións culturais e ás crenzas relixiosas do noso contorno, segundo as conviccións dos pais, que optaron libremente por esta formación. A mensaxe cristiá implica unhas esixencias morais que permiten a liberación e o desenvolvemento integral da persoa. A ensinanza relixiosa católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e as virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno en orde a facer posible a maduración da responsabilidade, o exercicio da solidariedade e a auténtica caridade; todo iso, como expresión coherente do coñecemento da responsabilidade, o exercicio da solidariedade e a auténtica caridade; todo iso, como expresión coherente do coñecemento de Deus, revelado en Xesús Cristo, e ao mesmo tempo como resposta ás grandes preguntas sobre o sentido da vida que xa nesta idade se formulan os alumnos.

A ensinanza da Relixión e Moral Católica pretende tamén presentar o acontecemento cristián en diálogo coa cultura, incorporando organicamente o saber da fe ao conxunto dos demais saberes. Esta finalidade estará sempre presente na ensinanza da relixión católica, analizando criticamente tanto o positivo coma o negativo da cultura á luz do evanxeo, motivando ao mesmo tempo o aprecio da propia cultura e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.

CONTEXTUALIZACIÓN:

Esta programación didáctica de ciclo de Educación Primaria levarase a cabo no C.E.I.P. “As Solanas” de A Guarda. As características do noso entorno son as que seguen:

- Centro situado no rural, con lingua vernácula o castelán.
- Nivel económico e cultural medio-baixo.
- Centro con xornada continuada de 9:00 a 14:00.
- 3 grupos de infantil e 7 grupos de Primaria.
- Existencia da ANPA que organiza algunhas actividades extraescolares.
- O centro consta de dous edificios.

Instalacións:

- Patio con diferentes espazos para cada etapa e diferentes materiais deportivos

- Patio cuberto
- Pavillón
- Biblioteca
- 7 aulas ordinarias de Primaria
- 3 aulas de Infantil
- 1 aula de Pedagogía Terapéutica
- Aula Música/Relixión
- Aula de Audición e Linguaxe
- 1 Sala Mestres
- 1 despachos para dirección e administración
- 1 despacho para departamento de Orientación
- Comedor
- Salón de multiusos
- Aseos para alumnos
- Aseos para o profesorado.

Recursos materiais:

- Material deportivo.
- Instrumentos musicais.
- Ferramentas para plástica.
- Material propio para a aula de Pedagogía terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Libros: texto, lectura, consulta...
- Material informático: PC, programas, canón, encerado dixital,....
- Mobiliario aula.

Recursos humanos:

- Titores de Primaria.

- 1 mestra de música.
- 1 mestre de E. Física.
- 1 mestra de Inglés.
- 1 mestra de Educación Relixiosa compartido con outro centro da zona .
- 1 mestra de PT.
- 1 mestra de Audición e linguaxe compartida con outro centro.
- 1 Orientadora compartido con outro centro.
- 1 cuidador.

CARACTERÍSTICAS EVOLUTIVAS DOS ALUMN@S DE 2º ED. PRIMARIA

O neno/a nestes cursos teñen cada vez mais relacións co mundo que lle rodea e amosan unha maior forza e unha gran progresión na coordinación motora.

Atópanse nunha idade aberta ás persoas e os costumes diferentes aos seus.

Actúan de xeito cada vez mais autónomo, fixándose eles mesmo os seus fins, organizando a súa acción por eles mesmos, en función dos seus proxectos. Existe unha clara diverxencia entre os xogos dos nenos e nenas. O grupo organízase para converterse no verdadeiro centro da vida escolar.

Atópanse en plena etapa do período das operacións concretas, o que supón que razoan con lóxica, xa que non emiten xuízos intuitivos coma no período anterior.

Os seus razoamentos están vinculados á manipulación dos obxectos aos que se refiren.

CARACTERÍSTICAS EVOLUTIVAS DOS ALUMN@S DE 4º ED. PRIMARIA

Encóntranse no mesmo estadio evolutivo-madurativo de desenvolvemento intelectual que no anterior, aínda que cada vez necesitan menos manipular para a formación de conceptos e a súa categorización.

A intelixencia é cada vez máis operativa e lóxica. A realidade pasa a ser máis obxectiva progresivamente.

Dominan o manexo de símbolos e signos de códigos convencionais, o que favorece a capacidade de representación e a aprendizaxe da lingua escrita, a numeración, a representación espacial e gráfica, e a lectura da imaxe.

PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA

Pasan da explicación por xustaposición (organizando e explicando a totalidade en fragmentos sen conexión coherente) á lóxica (por categorías socialmente elaboradas e facilitadas polos adultos). Incrementan a capacidade de introspección, co que o pensamento é cada vez máis causal e comeza a ser máis analítico e dedutivo.

Experimentan un cambio cualitativo no modo de organizar a realidade. Manifestan maior curiosidade intelectual. Consolidan a noción de conservación.

Observan cambios en situacións e fenómenos do mundo físico e poden describilos, comparándoos e establecendo relacións de diferenzas e semellanzas.

Afianzan a diferenza entre os feitos e fenómenos físicos e os psicolóxicos. Exploran as características dos materiais que utilizan.

Utilizan cada vez mellor as estratexias da linguaxe, o estudo, a atención e a memoria comprensiva. Melloran substancialmente o seu coñecemento, operando mellor de maneira progresiva. Desenvolven a metacognición a través da autorregulación da súa actividade.

Incrementan a capacidade lingüística, xa que consolidan a lingua materna e ofrecen a posibilidade de ensinalles unha segunda lingua.

CARACTERÍSTICAS EVOLUTIVAS DOS ALUMN@S DE 6º ED. PRIMARIA

O sentido da identidade se reforza grazas a integración social, a maduración afectiva e a afirmación crecente da súa personalidade.

A estabilidade psicolóxica é un dos riscos máis característicos desta etapa, antes de iniciarse a crises de identidade da preadolescencia.

O equilibrio psicolóxico reflíctese nas súas capacidades de abstracción, análise, síntese, indución, dedución, comunicación interpersonal, organización e xerarquización de valores.

O neno ten posibilidade de reflexionar sobre si mesmo e sobre a acción realizada. Sinte necesidade de estímulos eficaces que lle animen no seu crecemento e a maduración afectiva.

Pode superarse o amor captativo e posesivo, facilitando a convivencia. Hai avances no proceso socializador que lle permiten tomar pequenas e responsables opcións para situarse no entorno da forma máis autónoma. É innegable a importancia que ten o xogo como actividade construtora do social. A maduración afectiva e social levará ao neno a unha clara evolución moral.

Empeza a situarse de forma crítica ante o mundo e a sociedade que lle rodea. A súa moral continúa evolucionando cara o legalismo e o deber; é capaz de formular xuízos baseándose nun concepto de xustiza igualitaria. De aí a necesidade de estímulos e unha educación en valores que lle axude a superar os legalismos e a acceder a unha moral de actitudes humanizadoras.

2.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Na área de Relixión Católica incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia.

Esta área posibilitáanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da Palabra de Deus, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e clara calquera tipo de información.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor,...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Na área de Relixión Católica adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica, histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística,

cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural no ámbito mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores para fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autoconhecimento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Será dotado de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Atopear posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensinanza-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario proponendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- *Dimensión cultural e histórica.* Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades recibe do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.
- *Dimensión ético-moral.* Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- *Dimensión humanizadora.* Faculta o alumno para dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- *Dimensión epistemolóxica.* Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e cunha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

2º PRIMARIA

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- 1.1. Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno.
- 2.1. Descubre e nomea situacións nas que necesita as persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.
- 3.1. Valora e agradece que Deus o creou para ser feliz.

- 4.1. Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.
- 4.2. Identifica e representa graficamente os dons que lle Deus fai ao home na creación.
- 4.3. Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratitude a Deus pola súa amizade.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- 1.1. Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.
- 1.2. Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.
- 2.1. Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.
- 2.2. Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.
- 3.1. escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- 1.1. Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.
- 1.2. Dramatiza a misión dos personaxes que interveñen na Anunciación.
- 2.1. Identifica os signos de Advento como tempo de espera.
- 2.2. Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.
- 3.1. Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- 1.1. Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.
- 1.2. Identifica os pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.
- 2.1. Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.
- 3.1. Relaciona a unidade da Igrexa coa unidade dos órganos do seu propio corpo.
- 3.2. Señala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como pai de todos.
- 4.1. Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos.

4º PRIMARIA

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- 1.1. Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas.
- 1.2. Cualifica o tipo de pecado en situacións do seu contorno e compáraas coas atopadas nos relatos das relixións antigas.
- 2.1. Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- 1.1. Sitúa no relato as frases que expresan a falta de colaboración na tarefa de Deus e o rexeitamento da amizade con El, e aplícaas a situacións actuais.
- 1.2. Lembra e narra acontecementos actuais nos que se rexeitou a amizade con Deus.
- 2.1. Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos.
- 3.1. Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen á vontade de Deus.
- 4.1. Compara a actitude de David con situacións persoais nas que sentiu a necesidade de ser perdoado.
- 4.2. Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia de David nas que Deus o perdoa. Mostra respecto polas intervencións dos seus compañeiros.
- 5.1. Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- 1.1. Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano.
- 2.1. Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e explícaas.
- 3.1. Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos nos textos evanxélicos.
- 4.1. Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai.
- 4.2. Distingue e explica frases do relato da oración da Horta das Oliveiras que expresan a obediencia de Xesús ao Pai.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- 1.1. Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.
- 1.2. Describe os pasos da celebración do sacramento do Perdón.
- 2.1. Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.
- 3.1 Investiga e presenta con diversos recursos obras e institucións da Igrexa de carácter penitencial.

6º PRIMARIA

Bloque 1. O sentido relixioso do home

- 1.1. Identifica e xulga situacións nas que reconece a imposibilidade de ser feliz.
- 2.1. Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na literatura e música actuais.
- 3.1. Descubre e explica por que os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divindade.
- 4.1. Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.

Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia

- 1.1. Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran a persoa.
- 1.2. Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal.
- 1.3. Propón, dialogando cos seus compañeiros, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciais.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación

- 1.1. Busca nos discursos do evanxeo de Xoán frases que expresan a relación de Xesús co Pai e esfórzase por comprender o seu significado.
- 1.2. Identifica e sintetiza os trazos que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Xoán.
- 2.1. Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer o Pai con situacións que viven os seres humanos.

- 3.1. Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos.
- 3.2. Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

- 1.1. Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa.
- 1.2. Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, a Orde e o Matrimonio.
- 2.1. Sinala e explica os principais signos pascuais.
- 2.2. Crea unha composición onde se exprese a alegría e a paz que experimentaron os discípulos ao se atoparen co Resucitado.
- 3.1. Selecciona testemuños de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado.

3.CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO

2º PRIMARIA

1. Buscar a felicidade na vida recoñecendo a incapacidade de alcanzala por si sos.
2. Recoñecer a bondade de Deus Pai ao crear o home para que sexa feliz.
3. Comprender a amizade de Deus coa humanidade a través do Paraíso.
4. Recoñecer e identificar nos relatos bíblicos a acción de Deus na historia
5. Ver en Deus Pai a vida dos Patriarcas: protección, coidado e acompañamento.
6. Valorar na figura de Deus a busca da salvación do home.
7. Recoñecer a resposta de María a Deus e valorala.
8. Comprender o que significa o tempo Advento.
9. Afondar no sentido do Nadal.
10. Identificar o Bautismo como a vía de entrada na Igrexa.
11. Recoñecer e identificar os signos do Bautismo.
12. Identificar o Pai como figura de unidade na Igrexa.
13. Afondar no coñecemento dos tempos litúrxicos.

4º PRIMARIA

1. Afondar no pecado humano a través de relatos das relixións antigas.
2. Recoñecer a importancia do perdón para a felicidade.
3. Traballar os relatos bíblicos para identificar a orixe do pecado.
4. Comprender a singularidade do perdón de Deus.
5. Identificar momentos na historia de David onde se abusa da misión de Deus.
6. Coñecer as razóns polas que David sente a necesidade de redención.
7. Ler e recoñecer historias bíblicas onde Deus promete o Mesías.
8. Traballar e comprender as parábolas do perdón.
9. Valorar a sensibilidade de Xesús polos máis necesitados.
10. Recoñecer o cumprimento da vontade do Pai na paixón e morte de Xesús.
11. Comprender como Deus concede o perdón a través do sacramento da Reconciliación.
12. Recoñecer os signos da Eucaristía.
13. Recoñecer na Coresma un tempo penitencial.

6º PRIMARIA

1. Recoñecer a imposibilidade de alcanzar a plenitude para a natureza humana.
2. Aceptar que para ser feliz necesitamos un Salvador.
3. Evidenciar a consecución da plenitude humana en relación de Deus en distintos signos de diferentes culturas.
4. Recoñecer a humanidade da persoa na relación con Deus.
5. Apreciar a riqueza dos textos históricos.
6. Recoñecer o encontro con Deus a través de Xesús.
7. Comprender como Xesús cumpre a vontade de Deus a pesar dos obstáculos.
8. Ver na Igrexa a continuación da misión de Xesús.
9. Recoñecer nos sacramentos de servizo a misión da Igrexa.
10. Comprender os trazos do tempo litúrxico de Pascua.
11. Identificar no encontro co Resucitado un cambio de vida.

4.CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE

PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA
**TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A
MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA

2º PRIMARIA	PRIMERIO TRIMESTRE		
CONTIDOS	ESTÁNDARES EVALUABLES	CCBB	INSTR.AVA L.
A CREACIÓN	TEMPORALIZACIÓN: 6 SESIÓNS		
<p>Bloque 1.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Deus, pai da humanidade, quere a nosa felicidade. • Deus crea o home para ser o seu amigo. O Paraíso como signo de amizade. 	<p>1.1. Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que o fan feliz a el e ás persoas do seu contorno.</p> <p>2.1.Descobre e nomea situacións nas que necesita as persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.</p> <p>3.1. <u>Valora e agradece que Deus o creou para ser feliz.</u></p> <p>4.1. Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.</p> <p>4.2. Identifica e representa graficamente os dons que lle Deus fai ao home na creación.</p> <p>4.3.Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratitude a Deus pola súa amizade.</p>	<p>CSC</p> <p>CSC-CL</p> <p>CSC</p> <p>CEC- CSC</p> <p>CL</p> <p>CEC- CSC</p> <p>CL-CSC</p>	<p>EO</p> <p>EO</p> <p>TCL</p> <p>TCL</p> <p>TCL</p> <p>EO</p>
ADVENTO E NADAL	TEMPORALIZACIÓN: 6 SESIÓNS		
Bloque 3.	1.1.Le e expresa, verbal ou graficamente, o relato da Anunciación.	CL-CSC	EO

PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA

<p>-O Advento, espera do cumprimento da promesa de salvación.</p> <p>-Nadal: Nacemento de Xesús.</p>		CEC	
	1.2.Dramatiza a misión dos personaxes que interveñen na Anunciación.	CEC-CSC	OD
	2.1.Identifica os signos de Advento como tempo de espera.	CSC-CEC	TCL
	2.2.Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.	CSC	TCL
	3.1.Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.	CEC-CSC-CL	TCL
	SEGUNDO TRIMESTRE		
CONTIDOS	ESTÁNDARES AVALIABLES	CCBB	INST.AVAL
A BIBLIA	TEMPORALIZACIÓN. 8 SESIÓN		
<p>Bloque 2.</p> <p>-A Biblia narra o que Deus fixo na historia</p>	1.1.Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.	AA-CL-CSC	TCL
	1.2.Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de	CEC	TCL

PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA

	Deus na historia.		
ANTEPASADOS DE XESÚS	TEMPORALIZACIÓN. 8 SESIÓNS		
Bloque 2. - Deus actúa na historia. A amizade de Deus cos Patriarcas. - Deus propón ao home un camiño de encontro con El.	2.1 Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos	CD-CL CSC	TCL
	2.2. Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus	CEC- CSC	OD
	3.1. escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda o pobo de Israel.	CL-CSC	EO
MORTE E RESURRECCIÓN DE XESÚS	TEMPORALIZACIÓN: 4 SESIÓNS		
Bloque 2. - Xesús morreu para a nosa salvación.	2.1. Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús.	CEC CSC	TCL
	TERCEIRO TRIMESTRE		
AS FESTAS	TEMPORALIZACIÓN: 6 SESIÓNS		
Bloque 4. -Xesús santifica o tempo: ano litúrxico	4.1. Constrúe un calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos.	CEC- CSC	TCL

PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA

A IGREXA	TEMPORALIZACIÓN: 10 SESIÓNS		
<p>Bloque 4.</p> <p>- O Bautismo: incorporación á Igrexa.</p> <p>- A unidade eclesial: fillos dun mesmo Pai.</p>	<p>1.1.Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.</p>	<p>CL-CSC</p>	<p>EO</p>
	<p>1.2 Identifica aos pais, padriños, sacerdote e bautizados do pobo de Xesús.</p>	<p>CL-CSC</p>	<p>EO</p>
	<p>2.1.Asocia os elementos materiais da auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.</p>	<p>CEC</p>	<p>TCL</p>
	<p>3.1.Relaciona a unidade da Igrexa coa unidade dos órganos do seu propio corpo</p>	<p>CSC</p>	<p>TCL</p>
	<p>3.2.Sinala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como pai de todos.</p>	<p>CSC-CEC</p>	<p>OD</p>

***Os estándares subliñados corresponden a os estándares básicos.**

Competencias Clave	Instrumentos de avaliación
<p>CL-Comp. Lingüística</p> <p>CD-Comp. Dixital</p> <p>CSC-Comp. Social e Cívica</p> <p>CMCT-Comp. Matemática e Ciencia e Tecnoloxía.</p> <p>CEC-Conciencia e Expresión cultural.</p> <p>AAP-Aprender s aprender</p>	<p>PE-Proba escrita</p> <p>TCL-Traballo de clase</p> <p>OD-Observación Directa</p> <p>EO-Exposición Oral</p>

